

## Noticias destacadas


**O MÁSTER EN XESTIÓN  
DO DESENVOLVEMENTO  
SOSTIBLE DA UVIGO,  
PREMIADO POR APROEMA**

O programa de mestrado dirixido por Pilar Piñeiro obtivo o galardón na modalidade de centros académicos na IV edición dos "Premios Medio Ambiente APROEMA"


**PUBLÍCASE O INFORME  
ARDÁN 2018**

A presentación tivo lugar no acto de celebración do 25 aniversario da creación de ARDÁN por parte do Consorcio da Zona Franca. O informe inclúe este ano, coma novidades, un indicador de igualdade de xénero e outro de economía circular, ambos elaborados por ECOBAS

[Ver todas as noticias](#)

Coñece ó noso equipo...

**MARCOS ÁLVAREZ DÍAZ,  
coordinador do grupo EMAF**


Marcos Álvarez Díaz licenciouse en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Vigo en 1998, e obtivo o M.A., M.Ph e o Ph.D. en Economía pola *Columbia University in the city of New York*, na que obtivo en 2006 o premio Vickrey. Foi investigador no *Centre de Recerca Económica* da Caixa de Aforros de Baleares e profesor na Universidade das Illas Baleares. No ano 2009 incorporouse á Universidade de Vigo como profesor contratado doutor, e desde 2012 é profesor titular de universidade. En outubro de 2016 foi contratado polo *Joint Research Center* da Comisión Europea como investigador, posto que ocupou ata xaneiro de 2019.

A súa carreira investigadora resúmese na redacción de máis de 40 artigos publicados en revistas nacionais e internacionais. Tamén ten elaborado informes para diversas institucións como a Comisión Europea, Oxfam, o Real Instituto Elcano, *The European House Ambrosetti* e a organización *Transparency International- The Global Coalition Against Corruption*.

Actualmente é coordinador do grupo de investigación *Economic Modeling and Forecasting (EMAF)*, que centra a súa investigación na modelización e predición de variables económicas e financeiras, especializándose no campo da economía forestal e a economía do turismo.

### Convocatorias abertas e eventos de interese

MCIU- Subprograma de mobilidade 2019

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 14 de febreiro de 2019.

Xunta de Galicia- Axudas ó alumnado do SUG para estadias nalgún Estado membro da UE durante o verán de 2019

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 14 de marzo de 2019.

GAIN - Programa Principia

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 11 de abril de 2019.

XXIV Workshop on Dynamic Macroeconomics

· 9-11 de xullo de 2019, Soutomaor (Pontevedra).